

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP MANUEL FRAGA IRIBARNE (CARIÑO)
CURSO: 5º DE PRIMARIA
MATERIA: EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN PLÁSTICA)
DATA: 08/05/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso, ampliación).**
- 4. Información e publicidade.**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.3. Aproximarse á lectura, análise e interpretación da arte e as imaxes fixas e en movemento nos seus contextos culturais e históricos, comprendendo, de maneira crítica, o significado e función social, sendo capaz de elaborar imaxes novas a partir dos coñecementos adquiridos.	EPB1.3.2. Realiza fotografías utilizando medios tecnolóxicos, analizando, a posteriori, se o encadre é o máis axeitado para o propósito inicial.
B2.1. Experimentar coas imaxes como unha ferramenta para deseñar documentos de información e comunicación (carteis, guías, folletos, etc.)	EPB2.1.1. Realiza composicións que transmitan emocións e sensacións básicas, utilizando distintos elementos e recursos para axustalos ás necesidades.
B2.4. Representa, de forma persoal, ideas, accións e situacións valéndose dos elementos que configuran a linguaxe visual.	EPB2.4.1. Debuxa formas, figuras e elementos do contexto con dimensións, proporcións, cores e tamaños axeitados.
B2.7. Utilizar e manexar as tecnoloxías da información e da comunicación como medio de información, investigación e deseño.	EPB2.7.1. Emprega as novas tecnoloxías para se iniciar no deseño dixital, no tratamento de imaxes ou na animación.
B3.1. Coñecer e utilizar as ferramentas básicas do debuxo xeométrico.	EPB3.1.1. Coñece e usa as principais ferramentas básicas do debuxo xeométrico (regra, escuadro, cartabón, semicírculo, etc.)

2. Avaliación e cualificación

Avaliación	<p>Procedementos: Os procedementos de avaliación estarán en función da metodoloxía empregada no 3º trimestre, pero seguirá baseándose nunha avaliación continua e formativa. O alumno/a non se verá prexudicado por esta avaliación e pola circunstancia excepcional en que se aplica.</p> <p>Instrumentos:</p> <ul style="list-style-type: none">- Observación do rexistro de participación na plataforma E-Dixgal.- Entrega de tarefas no tempo indicado.- Rúbrica para a análise das producións artísticas enviadas polo alumnado.
Cualificación final	<p>A cualificación final do alumno/a estará baseada nas aprendizaxes levadas a cabo no 1º e 2º trimestres do curso actual, ademais de polas actividades de repaso e reforzo desenvolvidas no 3º trimestre (sempre e cando o alumno/a se vexa beneficiado).</p> <p>A cualificación final, polo tanto, tomará como base a obtida no 2º trimestre, que se poderá ver incrementada en <u>1 punto</u> aplicando os seguintes criterios:</p> <ul style="list-style-type: none">- Conexión do alumno a través da plataforma E-Dixgal para a recepción e entrega das tarefas.- Entrega das tarefas dentro do prazo indicado.- Entrega de como mínimo o 50% das tarefas propostas.-Análise das producións artísticas enviadas polo alumnado.
Avaliación de materia pendente	<p>Criterios de avaliación: Serán os mesmos que os indicados nesta programación con carácter xeral, apoiándose en tarefas propostas de repaso e recuperación, valorando especialmente a actitude, esforzo e realización das mesmas.</p> <p>Criterios de cualificación: Serán os mesmos que os xa indicados con carácter xeral.</p> <p>Procedementos e instrumentos de avaliación: Observación do rexistro de participación na plataforma E-Dixgal. Entrega de tarefas no tempo indicado. Rúbrica para a análise das producións artísticas enviadas polo alumnado.</p>

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre	
Actividades	As actividades e tarefas a realizar serán pequenos proxectos semanais ou quincenais, tendo en conta a conectividade ou non do alumnado e as dificultades que poideran ter na súa realización. Estas tarefas estarán relacionadas con diversas temáticas propias do seu nivel: creacións con material de refugallo; fotografía; tipos de imaxes, etc.
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	Aproveitaremos as circunstancias para traballar a Educación Plástica de dúas maneiras: por unha banda, tarefas que impliquen o uso de materiais escolares que poidan ter na casa, ou outro tipo de materiais, como poden ser telas, obxectos, materiais de refugallo... para facer as súas creacións. Por outra banda, empregaremos recursos e ferramentas dixitais para facer outro tipo de tarefas que poden ser online, ou con ferramentas dixitais instaladas no seu portátil E-Dixgal.
Materiais e recursos	Fundamentalmente a plataforma E-Dixgal, empregando tamén outros recursos dixitais libres dispoñibles.

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	O alumnado será informado das actividades a realizar e doutras cuestións relativas a elas a través da plataforma E-Dixgal. Para o alumnado que teña dificultade para conectarse por falta de medios, será informado a través de AbalarMóbil ou correo electrónico. As familias serán informadas a través de AbalarMóbil, correo electrónico e a través da web do centro.
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.